



OURENSE, A VINTE E NOVE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 15-2026 / TEMPADA 2025-26

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA CADETE MIXTA 25/26

Equipos participantes: C. MARINA FERROL – C.W. PONTEVEDRA MASCULINO

Día, hora e lugar: 10/5/26; 17:30

FEITOS

FEITO PRIMEIRO: O día 11/5/26 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, recóllense os seguintes feitos:

"El jugador visitante nº11 Miguel Fernández Rivas fue expulsado con tarjeta roja, por dar por debajo del agua un golpe al contrario"

FEITO SEGUNDO: O día 15/5/26 deuse trámite de audiencia ao interesado polo prazo de dous días hábiles.

FEITO TERCEIRO: Non se realizaron alegacións.

FEITO CUARTO: Non consta que o xogador referenciado fose sancionado con anterioridade na presente tempada e categoría por expulsión definitiva.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral e do seu anexo goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada; a maior abundamento, non se realizaron alegacións.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos descritos son constitutivos dunha expulsión disciplinaria definitiva no ámbito da modalidade de wáter-polo, sancionable conforme á Normativa Xeral de Waterpolo da FEGAN, tempada 2025/26, Circular 25-43.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCEIRO: O apartado 5.3.3 da Circular 25-43 establece, para os xogadores/as e no caso das expulsións disciplinarias, a sanción de 1 partido para a primeira expulsión definitiva.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: O apartado 5.3.4 da Circular 25-43 establece que as sancións serán cumpridas na categoría na que se cometese a infracción, computándose tamén por categorías a reiteración disciplinaria.

FUNDAMENTO DE DEREITO QUINTO: Ao non constar expulsión definitiva previa do xogador na presente tempada e categoría, nin tampouco que, tras a expulsión, continuase a conduta sancionable, procede impor a sanción correspondente á primeira expulsión definitiva.

RESOLUCIÓN

Impor a **MIGUEL FERNÁNDEZ RIVAS**, xogador nº 11 do C.W. PONTEVEDRA MASCULINO, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos: **SANCIÓN** consistente en **SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENZA FEDERATIVA POR UN ENCONTRO, A CUMPRIR NA CATEGORÍA CADETE MIXTA.**

José-Antonio Nóvoa

Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuíz Único Comité de Competición da FEGAN